




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por estárense tramitando as solicitudes de validación de estudos para o curso 1993-94, e advertirse certas actuacións non axustadas ó regulamento no procedemento, cómpre dicta-la seguinte

I N S T R U C C I Ó N

PRIMEIRO .- A competencia para resolve-las validacións é do Rector, tralo informe previo da Comisión Académica da titulación, de non ter aprobada unha táboa de validacións automáticas.

SEGUNDO.- Os informes das Comisións Académicas sobre a procedencia das validacións, deberán incluír en todo caso a cualificación cualitativa e cuantitativa que corresponda ó alumno, segundo se establece no apartado cuarto da Resolución Rectoral do 10 de setembro de 1992.

TERCEIRO.- As autoridades dos Centros absteranse de tramita-las solicitudes de validación que non se presenten a través da Unidade de Xestión Académica correspondente.

Santiago, 3 de novembro de 1993

O VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA

Fernando Cadaveira Mahía

SRS. DECANOS E DIRECTORES DOS CENTROS
SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
SRS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA